

Narrativa

A Biblioteca de Babilonia

Carmen BLANCO GARCÍA

Delivrez les livres

Eu, que imaxinaba o mundo baixo a forma dunha muller, vin o universo en miles de mulleres. Vin o vaso. Biblos. A Biblia. A Biblioteca. A bodega. Os xardíns. As viñas. A viña vermella. A uva branca. Uva. Universo. Verso. Versos universos diversos inversos reversos anversos. Versos versións visións invencións. Conversión. Subversión. Obxección. Insubmisión. Insurrección. Revolución. Evolución. Liberación. Diversión total transversal máis alá da diagonal. Diálogo. Variacións. Varío desvarío. Disidencia. Delira a lira. Alicia delicia. Laila lalia eulalia. Tambores de Tomiño. Tetón. To ton. Antena. Percusión e repercusión.

Repetición. Telecomunicación. Cu. Azouta no cu. Bico no cu. Pracer. Miles de ollos orellas bocas olfactos. Miles de linguas. Miles de mans peles pulsos impulsos sentidos querenzas nocións emocións. Sente. Olla. Toca. escoita. Mira. Respira. Inspira. Aspira. Venta. Saborea. Sabe. Soña. Crea. Recréate. Recrea. Vaso. Baubo Babel Babilonia. Basora. A Biblioteca de Babilonia. Non hai dúas mulleres iguais e ningunha muller é igual a si mesma. Liber. Libros libres. Bebe o libro. Vive verte os Viños. As Augas Todas.

De Miles de mulleres